



MESTRADO UNIVERSITARIO EN PSICOPEDAGOXÍA

PLAN DE PRACTICUM

ÍNDICE

1. Descripción.....	3
2. Presentación	3
3. Obxectivos	3
4. Contidos.....	2
4.1. Temáticas	3
4.2. Proceso de desenvolvemento.....	4
5. Competencias específicas.....	5
6. Organización.....	6
6.1. Órganos e persoas implicadas.....	6
6.2. Centros colaboradores.....	7
6.3. Elección de centros.....	8
7. Temporalización.....	8
8. Avaliación.....	9
8.1. Portafolio de Practicum.....	9.1

ANEXOS

Anexo I: Ficha de Avaliación

Anexo II: Compromiso de confidencialidade

MESTRADO UNIVERSITARIO DE PSICOPEDAGOXÍA

PLAN DE PRACTICUM

1. DESCRIPCIÓN

ASIGNATURA: 6 créditos

CÓDIGO: 4511209

CARGA HORARIO: 150 h.

UBICACIÓN: 2º Cuadrimestre

2. PRESENTACIÓN

O Practicum é unha materia esencial dentro do Mestrado Universitario de Psicopedagogía, xa que, polo seu particular carácter, ofrécelle a oportunidade ao alumnado de contextualizar, seleccionar e poñer en práctica moitos dos coñecementos, destrezas e habilidades adquiridas no resto das materias. Axúdalles, en definitiva, a enfrentarse a situacións educativas reais, tal e como se presentan nas institucións ou nas aulas. Proporciónalles un entramento para a resolución de problemas psicopedagóxicos, que vai resultar de gran axuda para o seu futuro desenvolvemento profesional. No período de prácticas o estudiantado vive experiencias directas sobre diversos aspectos das intervencións psicopedagóxicas. Estas experiencias contribuirán en grande medida ao desenvolvemento dos saberes e das competencias profesionais que precisa un profesional da psicopedagogía.

3. OBXECTIVOS

- Coñecer as funcións propias dos/as profesionais da psicopedagogía e adquirir as destrezas precisas para exercer as competencias deste ámbito profesional.
- Participar activamente na posta en práctica dos plans e programas de orientación psicopedagóxica,
- Integrar os coñecementos teórico-prácticos recibidos nas diversas materias do curriculum formativo, buscando a súa aplicabilidade nun contexto concreto.

4. CONTIDOS

4.1.. Temáticas

O alumnado de Practicum debe de aproveitar a ocasión que lle brinda esta materia para coñecer a fondo a planificación e o desenvolvemento da práctica psicopedagóxica. Procurará implicarse e participar, na medida das súas posibilidades, no maior número posible de actividades, experiencias, plans, programas etc. que se estén levando a cabo na institución de destino.

As funcións a desenvolver, os contidos e as temáticas ás que se lles dará prioridade variarán notablemente en función do carácter e ámbitos de traballo

proprios da institución nas que se realice o Practicum. Citaremos, a modo de orientación as máis común na práctica psicopedagóxica:

- Atención á Diversidade
 - Dificultades de Aprendizaxe
 - Atención a poboación en risco de exclusión social
 - Acción Titorial
 - Orientación Académica e Profesional
 - Plans de Convivencia
 - Cooperación Profesional
 - Adaptacións Curriculares de Centro, aula ou individuais.
 - Plans de Acollida
 - Dinamización social e educativa
 - Procesos de detección, diagnóstico e avaliación de Necesidades Específicas de Apoio Educativo
 - Asesoramento Familiar
 - Elaboración de recursos materiais, técnicos, bibliográficos
 - Formación do Profesorado
 - Innovación educativa en contextos formais ou informais
 - Proxectos de Formación de Persoal no ámbito da educación Formal ou non Formal
 - Igualdade de Xénero e non discriminación
 - Programas de Igualdade no ámbito sociolaboral.
 - Ocio, tempo libre e desigualdade
 - Programas de participación social e/ou familiar
-

4.2. Proceso de desenvolvemento

O proceso de desenvolvemento da intervención psicopedagóxica debe levar sempre implícita a realización dunha serie de tarefas intelectuais das que o alumnado deixará constancia na súa práctica diaria e tamén no Portafolio final do Practicum.

- **Observación e descripción** da situación na que participan: contexto no que se desenvolve, persoas implicadas (profesorado, alumnado, pais), normativa que da soporte á actuación observada, planificación desenvolvida polo centro (proxectos e plans de centro nos que se enmarca a actuación), actuacións previstas e desenvolvidas cos distintos colectivos da institución (familias, alumnado, profesorado, entorno...).
- **Participación activa nas actividades** propostas polo profesional da psicopedagogía que exerce como titor, preparándoas debidamente e adoptando unha actitude activa e responsable. Sen esquecer que o Practicum conta cun horario non presencial do que un tempo debe adicarse á preparación de tarefas, materiais, propostas, estudo etc., das actividades que se realizaron ou están programadas na institución. O alumnado poderá facer propostas de intervención, innovación e mellora, si é o caso, sobre

algún programa ou proxecto en particular, que pode ser levado á práctica cando o profesorado titor do centro o estima oportuno.

- **Análise e reflexión** Trátase de superar e darlle sentido á observación e as actividades realizadas, interpretando o que observamos. Comprender e deducir as razóns que motivan a práctica concreta e a actuación do profesional da psicopedagogía en cada momento. Ligar os coñecementos adquiridos nas distintas materias coas situacións que vive diariamente o profesional da psicopedagogía..

5. COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

- Capacidade para considerar as múltiples variables intrapersoais, interpersoais e contextuais que inciden no proceso de ensino-aprendizaxe e para avaliar e intervir na mellora dos recursos motivacionais.
- Planificar programas, proxectos e servizos de intervención para a mellora dos membros da comunidade educativa, aplicables a diferentes contextos e grupo destinatario.
- Capacidade para coordinar, facilitar e impulsar a utilización de medios e recursos didácticos e multimedia favorecedores de atención á diversidade
- Dominar o marco lexislativo que regula o funcionamento das diversas institucións e adoptar un marco teórico de referencia que ampare os criterios de selección dos diferentes instrumentos e estratexias de diagnóstico, intervención e avaliación.
- Potenciar a xustiza curricular mediante o uso de estratexias didácticas respectuosas coa diversidade social, cultural e ambiental, analizando criticamente a experiencia histórica de exclusión educativa, e elaborando as adaptacións do currículo que garantan unha perspectiva inclusiva da educación
- Diseñar, implementar e avaliar prácticas educativas, programas e servizos que dean resposta ás necesidades das persoas, organizacións e colectivos específicos, promovendo a presenza, participación e éxito de todo o alumnado en contornos educativos e sociolaborais.
- Desenvolver estratexias, técnicas e recursos para a prevención, detección e avaliación de necesidades específicas de atención educativa
- Fomentar a investigación-acción para mellorar as prácticas educativas e profesionais favorecendo o traballo cooperativo
- Comprender a necesidade de incorporar o enfoque de xénero e deseñar propostas de orientación profesional que integren esta dimensión
- Redactar, presentar, defender informes e outros documentos básicos que contribúan a unha óptima comunicación en contextos multidisciplinares
- Ser capaz de deseñar, desenvolver e avaliar procesos de investigación educativa, utilizando os métodos máis apropiados á natureza do problema, á finalidade da investigación e os criterios científicos máis adecuados, con especial énfase nos procesos de investigación na aula

6. ORGANIZACIÓN:

6.1. Órganos e persoas implicadas

Comisión de Practicum

Coincidirá coa Comisión Académica do Mestrado, e terá as seguintes funcións:

- Establecer os criterios de realización e seguimento que se concretan na guía docente e plan de Practicum e aprobar ambos documentos
- Propoñer e incentivar a participación de centros colaboradores de recoñecido prestixio.
- Propoñer a planificación anual e temporalización do Practicum
- Organizar as sesións de información e orientación para o Practicum dirixidas ao alumnado.
- Elaborar e propoñer criterios obxectivos de distribución do alumnado e asignación de centros de Practicum.
- Coordinar o envío da documentación necesaria aos centros colaboradores antes da incorporación dos estudantes: o nome e datos dos estudantes asignados, o contacto cos titores na universidade e o calendario de practicum de cada curso escolar.
- Informar ao decanato sobre a evolución e desenvolvemento do Practicum
- Recoller as suxestións do profesorado titor e do alumnado.
- Resolver incidencias, reclamacións ou situacións de avaliación particulares cando o solicite a coordinación do Mestrado.

Profesorado titor

Durante a realización do Practicum o alumnado contará coa dobre titorización dun profesor/a na Facultade e un profesor ou profesora ou profesional responsable no centro de practicas, que terán as seguintes funcións:

Titor/a do centro de Practicum

- Acoller ao estudiantado e organizar a actividade que ten que desenvolver durante a estancia na institución
- Informar sobre a organización e funcionamento do centro e en particular sobre o cometido do Departamento ou área na que se integra o estudante.
- Facilitar o acceso á documentación que considere de interese para entender o funcionamento e plans de actuación do centro ou as situacións de estudo particulares.
- Coordinarse co profesorado titor da universidade
- Facilitar e estimular a participación do alumnado nas tarefas psicopedagóxicas que se desenvolven no centro.

- Asesorar ao alumnado na realización das tarefas que se lle encomenden como parte do practicum
- Realizar a avaliación do alumnado e remitir o informe de avaliación á Universidade, seguindo o modelo facilitado por esta.

Titor/a da Universidade

- Orientar ao alumnado sobre a realización do Practicum, fixando para eso as teorías que estime convenientes. Cando menos deberase realizar unha antes do inicio e outra ao final do período de Practicum.
- Coordinarse co titor responsable do alumnado na institución colaboradora do Practicum. É recomendable realizar, cando menos, unha visita para esta función.
- Realizar o seguimento do Practicum en colaboración co titor/a do centro.
- Facilitar ao alumnado pautas para a realización do Portafolio de Practicum, acordos coa realidade do centro ou institución no que este se integra.
- Establecer a data de entrega do Portafolio de Practicas .
- Realizar a avaliación do Portafolio de Practicum que presenta o alumnado ao remate do seu período de Practicum.
- Remitir as cualificacións do Practicum á administración.
- Informar á coordinación das incidencias que poideran xurdir no transcurso do Practicum e que supoñan unha alteración do seu normal desenvolvemento.

Estudantes:

- Adoptar unha actitude activa e participativa, aproveitando as ocasións que nos ofrece o Practicum para aprender en contexto real
- Seguir as pautas e as orientacións proporcionadas polos titores de centro e universidade e as pautas establecidas no plano de practicum
- Asistir puntualmente a todas as sesións previstas no centro. No caso de que por algunha circunstancia non previsible tivese que faltar ao centro, comunicará a súa ausencia e razóns da mesma aos titores coa maior premura posible.
- Gardar confidencialidade sobre a información derivada do practicum, especialmente cando afecta a alumnos e alumnas en particular ou a suxeitos de intervención psicopedagóxica.
- Elaborar e entregar o Portafolio de Practicum en prazo e forma.

6.2. Centros Colaboradores: O Practicum desenvolverase en centros ou institucións educativas de diversas características cos que se establecerán os convenios interinstitucionais correspondentes. Estes centros deben contar cun servizo, departamento de Orientación, gabinete psicopedagóxico ou, no seu defecto, cun profesional especializado na labor psicopedagóxica. Poderanse ofertar centros dos ámbitos que se especifican:

- Departamentos de Orientación de Centros de Educación Infantil, Primaria
- Departamentos de Orientación en Centros de Educación Secundaria

- Equipos de Orientación Específicos
- Centros de Educación Especial
- Asociacións ou Fundacións do ámbito da Diversidade e Inclusión educativa.
- Centros de Atención Temperá
- Centros de Formación do Profesorado do ámbito non universitario
- Centros de Formación do Profesorado no ámbito universitario
- Servizos Sociais de Concellos ou outras institucións que contén con área educativa ou psicopedagóxica.
- Departamento de Recursos Humanos
- Centros de Formación e Orientación Laboral
- Hospitais e Servizos de Rehabilitación
- Centros penitenciarios
- ONG e asociación con servizos psicopedagóxicos e sociais especializados
- Entidades de intervención sociocomunitaria
- Centros ou entidades con programas psicopedagóxicos innovadores
- Centros ou escolas de enfoque inclusivo ou intercultural

6.3. Elección de Centros:

A coordinación do Mestrado poñerá a disposición do alumnado a relación dos centros que ofertan prazas de Practicum en cada curso. Procurarase que a oferta responda ás necesidades das especialidades que contempla o Mestrado.

Coñecida a lista, e en casos excepcionais debidamente xustificadas, o alumnado dispoñerá dun prazo prudencial para propoñer a realización do Practicum noutro centro distinto dos ofertados pola Facultade, ou nun horario distinto ao establecido. Nese caso deberá enviar unha proposta escrita ao coordinador/a do Mestrado que comprobará si o centro reúne os requisitos suficientes, e se fose preciso, consultará á Comisión Académica do Mestrado.

Transcurrido ese prazo, procederase á elección de centro que se realizará por preferencias e acordo do alumnado, de non producirse ese acordo, e cando un mesmo centro fose solicitado por varios alumnos ou alumnas farase a asignación en función da baremo de selección utilizado para o acceso ao mestrado.

7. TEMPORALIZACIÓN

O calendario anual será aprobado cada curso pola Comisión de Practicum e darase a coñecer ao alumnado dentro do calendario académico xeral do Mestrado que se ofrece previo ao período de matrícula. Farase de acordo coa seguinte distribución:

CRÉDITOS	HORAS TOTAIS	PRESENCIA EN CENTROS	PREPARACIÓN E TUTORÍAS	TRABALLO AUTÓNOMO	ELABORACIÓN PORTAFOLIO
6	150	60	10	25	25

8. AVALIACIÓN

A cualificación do Practicum é responsabilidade do profesor/a que exerce a titoría na universidade. Para realizar esta avaliación terá en conta:

- **O informe de avaliación realizado polo titor/a do centro** ou institución de prácticas que reflectirá o nivel de implicación e adaptación ao centro, o interese, compromiso, esforzo persoal e aptitudes para a práctica psicopedagóxica, tal e como se recolle no anexo. Este informe supoñerá un 40% da cualificación total do Practicum
- **A avaliación do Portafolio** que será realizada polo titor/a da Universidade no que se valorará a riguroxidade e profundidade do traballo, e en particular a calidade da observación, análise e interpretación da realidade e si é o caso, as propostas de intervención ou mellora. Este informe supoñerá o 60 % da cualificación total do Practicum.

Para aprobar esta materia o alumno/a terá que aprobar e ter informe positivo de ambos titores. No caso de non superar a avaliación do portafolio, pode volver a presentalo na segunda oportunidade establecida no calendario académico oficial a tal efecto. No caso de non acadar o aprobado no centro de Practicum, o alumnado deberá de repetir o Practicum no seguinte curso académico.

8.1 PORTAFOLIO DE PRACTICUM

Contido

Debe reflectir o traballo realizado ao longo do desenvolvemento do Practicum. Os formatos poden ser diversos, según as temáticas e particularidades da actividade de cada institución. Poden organizarse por ámbitos de experiencia, (titoría, diversidade, convivencia...) por grupos de suxeitos atendidos no departamento ou servizo (alumnado, familia, profesorado) por plans ou programas, en forma de diario, etc... Non obstante, sexa cal sexa o formato elixido o fundamental e que ademais dunha boa observación e descripción da realidade, o estudante sexa quen de facer unha boa análise e interpretación da mesma, mostre saber ligar os coñecementos teóricos e prácticos e mostre unha madurez suficiente para enfrentarse aos requerimentos da práctica psicopedagóxica.

Aspectos Formais

Extensión: Máximo 30 páxinas, impresas a dobre cara, excluindo anexos.

Tipo de letra Times New Roman, 12 ou arial 11.

Texto xustificado

Páxinas numeradas

Interlineado 1,5

Marxes superior e inferior de 2,5 cm.

Marxes dereita e esquerda de 2,5 cm.

Orientacións sobre contido e elementos :

- **PORTADA** Nome alumna/o; nome do Mestrado, nome da Materia (Practicum)
- **ÍNDICE**
- **CONTEXTUALIZACIÓN:** descripción da institución ou servizo, profesionais que a integran, sectores de poboación á que dirixe o servizo, recursos, organización espazo- temporal, plans ou programas que desenvolve, necesidades da poboación, etc...
- **DESENVOLVEMENTO** (ver apartado 3.2): Os apartados serán adaptados ao traballo realizado en cada institución. Non obstante pode incluír 1) descripción das liñas xerais do plan de Orientación psicopedagóxica do centro. 2) Descripción e análise da práctica do alumnado: actividades desenvolvidas, características dos programas ou actividades postos en práctica, descripción de estratexias e técnicas do proceso de intervención, etc.
- **VALORACIÓN GLOBAL** que debe reflectir a análise da actividade práctica realizada desde o conteto real de intervención e desde a perspectiva do coñecemento teórico- práctico adquirido a través das distintas materias do curriculum.
- **REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS** (si é o caso).
- **ANEXOS**, se houber.

ANEXO I



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PRACTICUM DE PSICOPEDAGOXÍA FICHA DE AVALIACIÓN

Curso académico.....

DATOS DO CENTRO	
NOME	
RÚA	
CÓDIGO POSTAL	
PROVINCIA	
TELÉFONO	
PERSOA DE CONTACTO	
E-MAIL	
DATOS DO TITOR/A (ós efectos do envío da certificación de titorización)	
NOME E APELIDOS	
DNI	
E-MAIL	
DATOS DO ALUMNO/A	
NOME E APELIDOS	

Poñer unha cruz no número que corresponda según o grao de logro por parte do alumno /a.

1. Traballo en equipo

COOPERACIÓN

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Cóstalle participar nas
tarefas comúns

Participabon grado nas
actividades comúns

ADAPTACIÓN

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Cóstalle adaptarse á
dinámica do traballo en equipo

Adaptase moi ben ao traballo en equipo

RELACIÓNS

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Tivo problemas
de relación
con outros profesionais

Mantivo boas relacións
con tólos profesionais

2. Responsabilidade persoal e profesional

ASISTENCIA

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Non asistiu ás reunións
ou actividades programadas

Sempre asistiu as reunións
e actividades programadas

PUNTUALIDADE

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Acostuma a ser pouco puntual

sempre é puntual

FORMALIDADE

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Deixa as tarefas sen finalizar

Finaliza sempre as tarefas
que se lle propoñen

DISCRECIÓN

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

É indiscreto/a

E oportuno/a nas intervencións

3. Eficiencia profesional

INTERESE POLO APRENDIZAXE

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Non pregunta, nin se interesa Pide aclaracións, consulta dúbidas, reflexiona

RECOÑECEMENTO DE ERROS

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Non se da conta dos erros
nin os admite Informa oportunamente
dos erros e propón alternativas

DISTRIBUCIÓN DO TEMPO

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Cóstalle distribuir o tempo Propón ideas e actividades
Faltalle organización no traballo Fai as tarefas ordenadamente

INICIATIVA

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

Ten poca iniciativa Propón ideas e actividades dentro
Aporta poucas ideas o grupo dos límites da súa competencia

OBSERVACIÓN

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----

E pouco observador/a Dase conta dos feitos significativos

VALORACIÓN CUANTITATIVA TOTAL⊗ (Escala do 1 ao 10)

VALORACIÓN CUALITATIVA:

ASPECTOS POSITIVOS A DESTACAR:

--

ASPECTOS QUE TEN QUE MELLORAR:

--

OUTRAS OBSERVACIÓNS SOBRE A ACTITUDE DO/A ESTUDIANTE:

--

(*) Prégase enviar a ficha de avaliación, co selo ou rexistro de centro.

MESTRADO PSICOPEDAGOXÍA
Facultade C.C. da Educación
Campus de Elviña, s/n
15171 A Coruña
Tlf 981167000 ext. 1877
Fax 981167115
E-mail: mestrado.psicopedagogia@udc.es

ANEXO II COMPROMISO DE CONFIDENCIALIDADE



Compromiso de confidencialidade.

Don/Dona _____, con DNI nº _____;
correo electrónico _____@_____ e teléfono _____;
Alumno/a do *Practicum da Titulación de* _____
no Centro de Prácticas _____, da provincia de _____,
consciente da importancia do labor profesional que se desenvolve
no centro, da información sobre as persoas que se manexa no mesmo e da documentación á
que terá acceso, comprométese a gardar SEGREDO sobre esa información e documentación, a
non divulgalas nin a utilizalas para outro fin que non sexa de carácter académico.

Para que así conste a todos os efectos asina na Coruña a ____ de _____ de _____.

Asdo.

(cada alumno/a asinará dous exemplares deste compromiso: un para ao titor/a da Universidade e outro ao titor/a do centro onde realice o practicum)

